

Os seguintes documentos deben permitirche facer unha redacción sobre a agonía do franquismo e as orixes da Transición. Tendo en conta os documentos e o seu contexto, debes atender, cando menos, ás organizacións e programas da oposición antifranquista, a posición dos sectores inmovilistas do franquismo e as propostas de cambio dos máis aperturistas.

Doc. 1. Programa da Xunta Democrática de España (1974):

A Xunta Democrática propugna:

1. A formación dun Goberno provisional (...) recoñecemento legal de todas as liberdades, dereitos e deberes democráticos.
 2. A amnistía absoluta de todas as responsabilidades por feitos de natureza política (...) ou sindical.
 3. A legalización dos partidos políticos, sen exclusións.
 4. A liberdade sindical (...). Os dereitos de folga, de reunión e de manifestación pacífica.
 6. A liberdade de prensa, de radio, de opinión e de información (...).
 8. A neutralidade política e a profesionalidade (...) das Forzas Armadas.
 9. O recoñecemento, baixo a unidade do Estado español, da personalidade política dos pobos catalán, vasco, e galego e das comunidades rexionais que o decidan democraticamente.
 10. A separación da Igrexa e do Estado.
 11. A celebración dunha consulta popular (...) para elixir a forma definitiva do Estado. (...)
- Asinan: Partido Comunista de España, Partido del Trabajo de España, Partido Carlista, Partido Socialista Popular, Alianza Socialista de Andalucía, Comisiones Obreras, Justicia Democrática e personalidades independentes)

2. Último discurso de Franco (Madrid, praza de Oriente. 1-10-1975)

Españóis: grazas pola vosa adhesión e pola serena e viril manifestación pública que me ofreceades en desagravio ás agresións de que foron obxecto varias das nosas representacións e establecementos en Europa [ovación], que veñen demostrar, unha vez máis, o que podemos esperar de determinados países corrompidos (...) [gran ovación e berros: España unida, xamais será vencida!].

Todo obedece a una conspiración masónica esquerdista da clase política en contubernio coa subversión comunista terrorista [gran ovación e berros de ETA ao paredón!].

(...) o pobo español confía que a valía das forzas gardadoras da orde pública e suprema garantía da unidade das forzas da terra, mar e aire respaldando a vontade da nación (...).

3. Declaración programática de Adolfo Suárez (15-7-1976)

O Goberno expresa claramente a súa convicción de que a soberanía reside no pobo (...) traballar colexiadamente na instauración dun sistema político democrático baseado na garantía dos dereitos e liberdades cívicas, na igualdade de oportunidades políticas para todos os grupos democráticos e na aceptación do pluralismo real (...). Todo iso no marco da autoridade lexítima, amparada polo consenso popular e o respecto da lei. (...).

1. Someter á decisión da nación as cuestións relativas á reforma constitucional e celebrar eleccións xerais antes do 30 de xuño de 1977.
2. Impulsar a tarefa lexislativa que permita a acomodación dos textos legais á realidade nacional (...).
3. Asegurar o exercicio responsable da liberdade de expresión como condición básica para que a sociedade poida manifestar o seu pluralismo natural e o pobo poida organizarse en liberdade en torno a aquelas opcións que máis se acheguen ás súas aspiracións. (...)
6. O Goberno, consciente da importancia do feito rexional, recoñece a diversidade dos pobos integrados na unidade indisoluble de España.